

ARQUITECTURA MODERNISTA
no
FERROL 1900 - 1925
EXPOSICION AXUNTAMENTO FERROLAN
FEBREIRO 1979

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA
COMISION DE CULTURA

DOCUMENTACION, DISEÑO, MONTAJE: X. FCO. FREIRE CORZO

**ARQUITECTURA MODERNISTA
no
FERROL 1900 - 1925**

**EXPOSICION AXUNTAMENTO FERROLAN
FEBREIRO 1979**

**COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA
COMISION DE CULTURA**

LIMIAR

Dende a sua fundación, hai somentes cinco anos, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, ó traveso da Comisión de Cultura, trazouse coma tarefa fundamental a defensa do Patrimonio Arquitectónico e Urbanístico do noso País e de todos aqueles valores histórico-artísticos relacionados con aquél.

A concencia, escasa ou nula, que ten a poboación en xeral destes valores, por unha banda, e o grave perigo de destrucción no que se atopan ó prevalecer os intereses privados dos grupos especuladores por riba dos intereses comunitarios, pola outra, feitos que evidentemente resultan complementarios, levounos ós membros desta Comisión a plantexar unha política encamiñada preferentemente á investigación e polo demais simple catalogación daqueles edificios ou conxuntos urbáns en trance de desaparición, como primeira medida, de urxencia, a adoutar frente a este estado de cousas.

Nesta exposición amósase a grande, áinda que tardía, influencia que tivo o Modernismo, lingoaxe artística de ampla e fugaz presencia por toda a cultura Occidental europea (1890-1914), nos eidos da arquitectura ferrolán, da



man do seu mais insigne arquitecto D. Rodolfo Ucha Piñeiro, ligado de por vida, tan froitosa coma dilatada, a historia desta cidade.

Temos que expresar eiquí o noso agradecemento ó Concello do Ferrol por facilitarnos o acceso ó Arquivo Municipal na percura da documentación gráfica das edificacións; ó «Servicio Geográfico del Ejército» por facilitarnos asimesmo a documentación planimétrica que serefiere á construción da Nova Poboación; e a Don R. Nores Castro, cronista oficial da cidade, por ceder xentilmente os grabados e fotografías antigas prá sua pubricación.

Por último, é pra miñ motivo de especial satisfacción e orgullo, o adicar, non sen certa rubideza, este elemental e sinxelo traballo, a D. Rodolfo Ucha Piñeiro, na espranza de que o seu valioso labor, atope, en vida, o púbrico reconéscemento a que faise acreedor.

X. FCO. FREIRE CORZO
COMISION DE CULTURA



O FERROL TIÑA UNHA PRAZA...

Aspecto que ofrecía a Praza de Armas do Ferrol nos encetos deste século, coa fonte-moimento á memoria de Churruca (1812), punto de referencia pra todas as visuales i elemento regularizador das alturas da edificación circundante, denantes de se ver drásticamente alterada por un innumerable sinfín de irresponsables actuacíós, entre as que non foi a menor a decisión de emprazar nela o propio edificio do Concello (1953).

BIOGRAFIAS

RODOLFO UCHA PIÑEIRO

1882 - VIGO: Nace o 27 de setembro. Fillo único, a morte do pai, forza o traslado familiar ó Ferrol onde residen outros parentes, quenes inmersos na cultura da época, especialmente nos eidos da música e a pintura, despertan as súas inquedanzas artísticas.

Novo traslado familiar, esta vez a MADRID, co fin de poder realizar estudos na Escola Superior de Arquitectura.

1906 - MADRID: Tíduo de Arquitecto. Primeiros traballos profesionais.


1908 - O FERROL: Cárgo de Arquitecto Municipal. Nesta cidade e no resto da Bisbarra desenvolviu unha prolíxica actividade profesional que non remata deixa os encetos da presente década. Cáregos de Arquitecto do Ministerio de Marina e Arquitecto do Catastro.

1917 - SEVILLA: Asistencia ás Sesións do Congreso Nacional de Arquitectos.
Viaxes a varias cidades da Francia e Portugal.

1921: Matrimonio con M.^a de los Angeles Donate Hernández-Arrieta, obtendo como froito do mesmo seis fillos.

1936 - O FERROL: Abandoa o cárgo de Arquitecto Municipal, clausurando, ó tempo, a mais valiosa etapa da súa laboura profesional, que o ven calificar como un dos máis importantes autores do Modernismo en Galicia.

1977 - O FERROL: En Febreiro diste ano é obxecto dun sinxelo homenaxe por parte dos arquitectos galegos, en su condición de Decano dos mesmos.



JULIO GALAN CARVAJAL

Nacéu en Oviedo no ano 1876. Realiza os estudos de arquitectura en Madrid, que remata no ano 1900. Desempeña varios cárregos na Administración como son os de arquitecto Municipal en Trujillo, arquitecto Provincial na Coruña e arquitecto Municipal de Oviedo.

Desenrola a súa actividade arquitectónica na cidade da Coruña entre 1901 e 1915, anos nos que leva á práctica unha serie de obras que o sitúan coma un valor importante da Arquitectura Modernista en Galicia. Posteriormente continúa a súa actividade profesional en Oviedo deica o 22 de outubro do ano 1939 no que tivo lugar a súa morte.



PEDRO MARIÑO Y ORTEGA

Nacéu en Benavente (Zamora) o 9 de setembro de 1886. Rematou os estudos de Arquitectura no ano 1892. Exercéu de arquitecto de Hacienda e do Axuntamento da Coruña, e asimesmo, pertenecéu á Real Academia de Bellas Artes. Finóu na Coruña no ano 1931.




CONTEXTO HISTÓRICO

Se os plans do Ensanche, coma o seu propio nome indica, veñen a ser a tradución física das necesidades de expansión de certas cidades en determinados intres históricos, temos que convir que o caso do Ferrol non se adapta exactamente a esta concepción.


Eiquí o plan da Nova Poboación respoita ás necesidades de albergar ó continxente humán ligado á creación no século XVIII, concretamente a partires das R. O. do 9 de Abril de 1749 e 14 de Xaneiro de 1750, dos Astelairos e Arsenal Militar respectivamente, ali onde nun principio non había máis que unha vila mariñeira con de-

semellante poboación á que tiñan Mugardos e A Graña, ó rededor dos 1.000 habitantes. Son as inmillerables condicíos estratéxicas, fundamentalmente de carácter defensivo, que posee a ría do Ferrol, ligadas á oportunidade histórica de restauración e impulso da Marina de Guerra Española durante o reinado de Fernando VI, as que motivan que nun curto espacio de tempo de apenas vinte anos se pase nun espectacular salto demográfico dos 1.000 habitantes devanditos ós 30.000 habitantes.


Nesto senso, xa que logo, estase mais perto das fundaciós históricas das cidades coloniais americanas, que



Estado da ría do Ferrol denantes da construcción do Arsenal e da Nova Poboación, según unha carta mariña de principios do século XVIII




Proyecto primeiro pra o ensanche de Joseph de la Croix (1751)




Proposta de ordenanzas reguladoras da tipoloxía edificatoria que acompañaban o proxecto de Francisco Llobet para o ensanche (1761)

dos posteriores Ensanches europeos da época da Revolución Industrial (Londres, París, Barcelona, etc...)


Todos os diferentes plans que se presentan polos sucesivos inxenieros militares borbónicos de cara a solucionar tan acuciante problema habitacional, provisoriamente resolto na cración do barrio de Esteiro (hoxe lamentablemente desaparecido baixo a picota dun pretendido criterio hixienicista), redúcense a unha doctrina urbanística común: a do damero ou retícula cuadruplicada de rues rectilíneas que definen unha serie de mazás iguales, cuia discrecional supresión orixina as correspon-




Un dos proxectos de Miguel Marín prá Nova Poboación (1755)



Un dos proxectos de Francisco Llobet prá Nova Poboación ou barrio da Magdalena (1781)



Proxecto de remodelación final de Julián Sánchez Bort (1765) encol da proposta de reducción feita por Jorge Juan (1762), pra o plan de Francisco Llobet (1761)



Proxecto de James Craig prá New Town de Edimburgo (1767)

dentes prazas, modelo ideado polos españoles no século XV prá fundación de novas cidades da América Central e do Sul (México, Cholula, Caracas, Quito, Mendoza, Guadalajara, etc...) e posteriormente aplicado por franceses e ingleses nos séculos XVI e XVII prá colonización da América do Norte (New York, San Francisco, Chicago, etc...).

Hai, sen embargo, no fundamental plan de Francisco Llobet (1761) que despois, tras unha proposta de reducción do mariño Jorge Juan (1762) e a final remodelación de Julián Sánchez Bort (1765), serviría de base pra realización do actual Ensanche, alguns aspectos que amosan xa o nacemento do urbanismo barroco e como tal, o da Urbanística como cencia propriamente dita.

En primeiro lugar, trátase da proxeción dun organismo en tres dimensións, superando os simples trazados en duas dimensións anteriores: existe toda unha ordeanza reguladora da tipoloxía edificatoria que vai encher este trazado, percurrindo deste xeito a uniformidade que, sumada as liñas rectas definidas polas ruas, vai possibilitar o pleno trunfo da perspectiva, ansiado ideal do Barroco. Unha vez delimitado o ancho das rúas, de 10 varas, 8,359 mts., definese unha altura, na edificación, acorde con este ancho, de pranta baixa e un andar, e dispónela, baixo soportales presididos por arcos de medio punto, de carreiros peatonais elevados catro escalóns sobre do nivel da rúa, separando deste xeito os diferentes tráfegos.

Coa división de cada mazá (de 40 varas ou 33,436 mts. x 100 varas ou 83,59 m.) en dazaoito parcelas (nove pra cada rua) quedan definidas simultáneamente as tres componentes analíticas (urbanización, parcelación i edificación) de todo fenómeno urbán que catalogan a este plan coma un dos pioneros da Urbanística Moderna.

Desgraciadamente xa non se conserva nada daquela tipoloxía, que, áinda que cunha construción más modesta, chegou a conformar todo o fronte da Rua Real que da a Capitanía, e tamén a esquina Oeste da praza de Amoaxe. Como referencia pra mesma citaremos o exemplo mais próximo das Casas de Paredes na Avenida da Mariña da Coruña, anacos a duras penas mantidos en pé, dun ambicioso plan habitacional do ano 1780, tamén supuestamente diseñado por inxeñeiros militares, que cubriría os terreos ganados o mar nesa zona da Pescadería, e que pertenecen o patrimonio cultural europeo da época, que atopou maior sorte pra o seu desenvolvemento en cidades coma Bath ou Edimburgh.

A cidade, por outra parte, ten unhas dimensións concretas, definidas principalmente pola disposición das duas prazas equilibradoras nos extremos e pola particular topografía do terreo, á que se adapta mediante a proporcionalidade rectangular das mazás, que diferencia asimismo este plan dos dameros anónimos e incontrolados (sen límites ó seu crecemento) propios das actuacións no Novo Mundo devanditas.

Curiosamente este esquema de parrilla, definido polas citadas mazás rectangulares e as duas prazas cuadradas dos extremos, constitue un craro antecedente da celebrada New Town de Edimburgh (1767) construída asegún o plan do arquitecto James Craig, que ganou o concurso convocado a tal fin pola Corporación Local. No

obstante, a diferencia entre un e outro proxecto son nobretables, no referente as dimensións (dobles as de New Town con respecto á Magdalena), modulación das diferentes ruas con fines perspectivos, i estudos de tipoloxías edificatorias, con crara ventaxa prá New Town, o que, aparte das diferencias que existen entre a capacidade dos técnicos redactores dos proxectos, ven lóxicamente corresponderse coas que separan á capital dunha influente nación coma Escocia dunha poboación militar que se asenta nos eidos dunha pequena ermida (da Magdalena) perto dunha simple vila mariñeira.

A uniformidade pretendida por Francisco Llobet coa sua tipoloxía edificatoria, ben cedo abandona por imperativos de índole económica, atopou unha alternativa espontánea e popular baseada na tradición constructiva local e sobor de todo no descubrimento da galería coma elemento funcional dos edificios que pola sua aceptación i extensión vai chegar configurar, na última mitade do século pasado, unha caracter, uniformizadora tamén, da Magdalena enteira. Velahí coma as intencións do proxectista atopan a sua realización, as veces, por camiños por el insospitados.


As sucesivas correntes da Arquitectura Moderna do século presente van ter que actuar neste contexto, con maior ou menor éxito, no intento de compaxinar estilos e innovacións coas fortes características tradicionais mais enriba apuntadas.

O Modernismo, caseque exclusivamente representado por D. Rodolfo Ucha Piñeiro nesta cidade, é sen dúbida algunha o movemento que millor cumple con estas premisas, ó captar perfectamente o papel que xoga a galería, non somentes coma inestimábel elemento amortiguador térmico e de protección contra da choiva, ou dunha funcionalidade polivalente (corredor, miradores), senón sobor de todo, coma elemento intermedio de relación entre interior i exterior, e coma linguaxe compositiva das fachadas que alcanza á totalidade das ruas e da cidade.

Hoxe, cando asistimos a bárbara destrucción do Centro Histórico ó traveso dunha incongruente renovación urbán, que duplica densidades e altera usos, esquecendose daqueles valores arquitectónicos que nós son propios, pode non estar de mais esta modesta homenaxe ó benfacer doutros tempos.



Vista da rua Magdalena con S. Francisco ó fondo (mediados do século XIX)



Vista da rúa Real en dirección a Capitanía dende a praza de Armas (mediados do século XIX)

ARQUITECTURA MODERNISTA NO FERROL

A pesares de non ter transcurridos moito mais de cincuenta anos, resulta inevitábel a sensación que se ten ó referirmos ó movemento modernista como algo extrañamente remoto, producto dun tempo xa definitivamente alonxado no pasado. Art Nouveau, Jugendstil, Modern Style, Stile Liberty, Modernisme..., sinónimos todos, asegún o lugar, dunha mesma inquedanza pola renovación das artes plásticas, sustancialmente influenciada polo individualismo e romanticismo do nacente espíritu burgués de fins do século XIX, permanecen inmóviles na outra beira da atropelada corrente de duas Guerras Mundiais, producións en masa, e avantes tecnolóxicos, que nos situán no mundo de hoxe.

E sen embargo, inda temos entre nós a algúns dos protagonistas daquela época...

Tal é o outo honor, vergoñosamente esquenrido, que lle cumple á cidade do Ferrol na persoa de D. Rodolfo Ucha Piñeiro, a cuia obra, da que a presente exposición non é senón unha circunstancial e incompleta escolmada, redúcese a práctica totalidade da arquitectura modernista feita na bisbarra ferrolán.

Son cáseque vinte anos, nos que a sua creatividade frondeada e ornamentista, fai xurdir da regular cuadrícula do Ensanche Histórico do século XVIII, perfectamente regularizada na tipoloxía edificatoria ó traveso da carácter donada polas galerías durante o século seguinte, valiosos exemplos desta arquitectura, a partires dun consciente respeito ó contexto preexistente.


Non é unha arquitectura revolucionaria e vanguardista, coma de feito non o foi o modernismo todo, onde (salvadas as excepcións de Gaudí, Voysey, Mackintosh, Behrens, e os mestres vieneses, que chegaron a ser os pioneros da arquitectura moderna) algúns queren ver unha manifestación reaccionaria e burguesa nacida do pánico e a inquedanza desesperada que inspiraba a industrialización e a falla de estilo propio no século XIX,

pro ó que ningún pode negar o seu outo valor artístico e un certo intento de introducción da arte na vida social.

Nefento, a renovación modernista que comportan estas obras (sensiblemente tardías con respecto ás europeas, seguramente pola non participación española na primeira Guerra Mundial, que esfarelou todo este proceso) non chega a acadar a dimensión auténtica, espacial, da arquitectura, incidindo somentes na composición (expresión do vértigo da verticalidade por contraste ós esquemas clásicos horizontais) e decorativismo da fachada, e de certos detalles (arranques das escadarias, por exemplo) dos interiores, namentres a distribución en planta e os volúmenes permanecen inalterábeis asegún as tradicións vixentes.

Hai, no entanto, un aspecto que, se cadra, sitúa a éstas construcións nun posto significativo da historia da arquitectura moderna: son os deseños das galerías nas casas de aluguer. Eiquí unha aportación xenuinamente galega no campo arquitectónico é felizmente reinventada e profusamente adoutada nos estudos das fachadas pra estas tipoloxías edificatorias, por primeira vez abordadas, co modernismo, dende un punto de vista total e globalizador. Coa perfecta armonía dos anónimos artesáns da madeira (carpinteros de ribeira ligados á construcción de buques) e do ferro forxado e fundido (fábricas Solórzano e Wormenburguer da Coruña) o arquitecto consigue a realización de obras únicas, nas que tradición e renovación estanse, unha vez máis, a se engadir á produción do obxecto artístico, de xeito que a cidade toda, coma monumento «per se», resulta revalorizada.

As tres Casas Pereira, duas das cales preséntanse na exposición, abordan pra asentar esta opinión, e praramos, xunto coas restantes edificacións, unha calidade artística hoxe insuficientemente considerada, e, por desgracia, suxeta, coma o resto do Centro Histórico no que se integran, a unha inculta e peregrina destrucción.



As tres Casas Pereira, O Ferrol 1912

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION



Vista xeral

DENOMINACION: DISPENSARIO ANTITUBERCULOSO
LOCALIZACION: SOL, 26
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: JULIO GALAN CARVAJAL

Nacemento: Oviedo 1876 / Remate de estudos: Madrid 1900 / Morte: Oviedo 1939

EPOCA:

Proxecto: 1908/Remate da construcción: 1911.

DESCRIPCION:


Obra craramente singular, a concepción da mesma (distribución central en planta, elevación dun corpo do cumio prá iluminación natural da sala de espera) e o tratamento diferenciado decorativista das fachadas, responde a esta singularidade, armonizando dun xeito feliz experimentados esquemas pra este tipo de instalacións co gusto modernista da época.


CONTEXTO:

A situación do solar nos aledaños do Ensanche histórico, amais das características do emplazamento, perturba mínimamente ás condicións establecidas pola tipología edificatoria de galerías daquel.




Detalles dos ancos







Fachada principal




Sección transversal.



Fachada posterior.



Fachada Lateral




Planta

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION



Vista xeral



Vista dunha fiestra

DENOMINACION: FONDA SUIZA

LOCALIZACION: DOLORES, 67 - SANCHEZ BARCAZ-TEGUI

MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:

Proxecto: 1909/Remate da construcción: 1910 / Adición dun andar: 1927.

DESCRIPCION:

Ocupando a clásica parcela en esquina a edificación concibese coma ampliación da fonda primitiva sita na parcela oposta. Prá construcción dos pisos con trabes de carballo intercalase un muro de carga intermedia. Na fachada destaca o diseño dos antepeitos das barandas en ferro forzado e formigón e do corpo separador de W. C. rematado por un decorativo piñón, hoxe desaparecido na elevación dun terceiro andar.


CONTEXTO:

Se ben a altura do edificio está acorde co entorno, o tratamento dado á fachada, seguramente manifestación inmediata dos ensinos recibidos polo autor en Madrid, contrasta coa temática de galerías ampliamente extendida por aquél.




Vistas das barandas







Fachada á rua Sánchez Barcáztegui




Fachada á rua Dolores



Pranta baixa



Pranta do 1.º e 2.º andares



Pranta do 3.º andar

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION

DENOMINACION: CASA ROMERO
LOCALIZACION: MAGDALENA, 199 - CONCEPCION ARENAL - IGLESIA
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol.

EPOCA:

Proxecto: 1909 / Remate da construccion: 1910 / Reconstrucción do ático ¿?

DESCRIPCION:


Se engloban dous tipos de parcelas clásicos: duas en esquina de 10 mts. de frente e unha intermedia de 7 mts. Na construccion emprégase trabes de piñeiro tea. Xunto á convencional distribución en planta, contrasta o chamativo ritmo imposto polos feixes de fiestras e miradores dun elaborado diseño modernista hasta os derradeiros detalles.

CONTEXTO:


Resulta digno de destacar o intento do autor de conxugar a súa vontade modernista, acorde coas características espectaculares da promoción, coas especiais características do emplazamento, mediante o emprego de miradores en madeira.



Vista xeral




Detalle da cornixa




Detalle do voadizo nun mirador circular




Detalle do portal




Detalle da carpintería nos miradores circulares




Fachada á rua Magdalena



Fachada á rua Concepción Arenal



Fachada á rua da Iglesia



Pranta dos andares outos

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION



Vista xeral

DENOMINACION: PESCADERIA
LOCALIZACION: IGLESIA S/N
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol


EPOCA:
Proxecto: 1910 / Remate da construccion: 1923.

DESCRIPCION:


Trátase dun pabellón rectangular cuberto mediante chapa de zinc e armaduras metálicas, cunha elevación do cumio pra permitire unha adecuada ventilación. Destaca a fácil accesibilidade cruzada e a hixiénica disposición dunha fonte no medio. O tratamento modernista das fachadas, sober de todo nas laterais, perdeu, á hora da tardía construccion, por causa dun aumento nas dimensións globais da obra.

CONTEXTO:


Estas dimensíons, dispostas paralelas ás mazás do Ensanche, conxugan coas características do emplazamento no eixo dotacional definido pola igrexa parroquial e a cárcel pública, hoxe Goberno Militar, asegún a remodelación de S. Bort.




Detalle dun anco




Detalle das vidreiras




Fachada principal



Planta



Fachada lateral



Fachada posterior

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION

DENOMINACION: CASA MUNDUATE
LOCALIZACION: MAGDALENA, 61
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid
1906 / Residencia: O Ferrol.

EPOCA:


Proxecto: 1910 / Remate da construcción: 1911.

DESCRIPCION:


Os valores modernistas desta edificación atópanse somentes no diseño das carpinterías e ferros forxados, xa que polo demais respéitase a tipoloxía tradicional destas casas, dende as dimensións da parcela (7 m. de frente) hasta a outura e composición dos diferentes corpos da fachada, pasando pola característica distribución en pranta.

CONTEXTO:


Estas limitacións tradúcense na perfecta integración do edificio na rúa Magdalena, onde as fachadas continuas de madeira e cristal acollen sen problemas o, por esta vez, contido estilo modernista do autor.




Vista xeral.




Vista da baranda central.




Detalle dun anco dos miradores



Detalle das barandas.



Fachada




CATALOGO


OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION




Vista xeral



Vista dos ferros forxados



Detalles dos capiteis



DENOMINACION: «CORREO GALLEGOS»

LOCALIZACION: MAGDALENA, 186

MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:


Proxecto: 1912 / Remate da construccion: 1913.

DESCRIPCION:


Trátase da ampliación dun negocio sito na parcela oposta da rúa Real, correspondéndose o sótano e baixo desta co baixo i entrechán daquela. Ambalasduas parcelas constitúen os tipos mais frecuentes do Ensanche: 7 e 9 mts. de anchura. Na fachada de tres vanos destaca o traballoso deseño dos capiteis e ferros forxados que contribúen a personalizar a edificación.

CONTEXTO:


Esta singularidade, formada polas especiais características da obra (funcións, alturas, representatividade social) quedan remarcadas polo abandono da galería coma elemento compositivo e polo deseño devandito.



Pranta baixa e sótano



Pranta baixa i entrechán



Fachada

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION

DENOMINACION: CASA PEREIRA (1)

LOCALIZACION: MARIA, 172

MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid
1906 / Residencia: O Ferrol.

EPOCA:

Proxecto: 1912 / Remate da construccion: 1913.

DESCRIPCION:


Contrasta a libertade compositiva da fachada, alterando os sistemas compositivos habituais, co estricto guimento dos esquemas tradicionais na distribución en planta. O elaborado deseño modernista de miradores, galerías e barandas lembran algúns intre a Casa Batlló de Gaudí en Barcelona. A parcela mide 9 m. de anchura nos que se articulan os tres vanos de fachada tradicionais.

CONTEXTO:

A utilización dos miradores, galerías e barandas devanditos, se ben alterando a típica disposición e o deseño, acada integrar a fachada no resto da rua.





Vista xeral




Vista dun mirador




Detalle das carpinterías



Plantas do baixo e 1.º andar



Plantas do 2.º e 3.º andares



Fachada

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION



Vista xeral

DENOMINACION: CASA RODRIGUEZ FERNANDEZ
LOCALIZACION: RUBALCAVA, 55 - ALMENDRA
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:


Proxecto: 1912.

DESCRIPCION:


Consiste nunha única vivenda unifamiliar distribuída entre o baixo e o primeiro andares, asegún os esquemas convencionais da época. No tratamento modernista da fachada, mais ben sinxelo, destaca o decorativo piñón á rúa da Almendra que agacha as pendentes da cuberta.

CONTEXTO:


A composición diferenciada das fachadas, co emprego de miradores na de Rubalcava, revela a intención de adaptarse as características edificatorias desta, similares, por extensión, ás do Ensanche.




Vista parcial dunha fiestra



Detalle do arranco da escaleira



Fachada á rúa da Almendra



Plantas do baixo e 1.º andar. Fachada á rúa Rubalcava

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION

DENOMINACION: CASA PEREIRA (2)

LOCALIZACION: DOLORES, 64

MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: 1882 / Remate dos estudos: Madrid
1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:


Proxecto: 1912 / Remate da construccion: 1915.

DESCRIPCION:


Ocupa unha das clasicas parcelas de 7 mts. de frente, a edificación constitue un exercicio de elaborado diseño modernista na fachada, acentuándose a verticalidade coa agrupación de miradores e fiestras en feixes, cada elemento singularizado cunha personalidade propia. As distribucións en planta responden ós criterios convencionais en uso.

CONTEXTO:

O emprego de miradores e barandas na composición da fachada, asegún combinacións novas e orixinais permite a integración do edificio na rua sen perder a sua singularidade, constituindo, de feito, unha das obras más valiosas do autor.




Vista xeral




Vista parcial de mirador




Vista do portal




Detalle da fachada




Pranta baixa




Pranta do 1.º andar



Pranta do 2.º andar




Pranta do 3.º andar



Fachada


CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION



Vista xeral

Detalle da carpintería



Vista parcial da fachada

DENOMINACION: CASA BRUQUETAS

LOCALIZACION: IGLESIA, 4

MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:


Proxecto: 1912 / Remate da construcción: 1914.

DESCRIPCION:

A intervención consiste na adición dunha galería ó segundo andar i elevación dun terceiro, tamén con galería corredor. O diseño modernista desta pel de madeira e cristal acada unha total transformación do carácter da edificación. Se siguen os esquemas usuais de distribución en pranta pra parcelas de 7 mts. aproximados de frente.

CONTEXTO:

A rua da Iglesia, de fachadas acristaladas de galerías acolle sin problemas este diseño modernista, executado asegún pautas convencionais de composición.




Pranta do 3.º andar

Fachada


Reforma no faiado

CATALOGO


OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION




Vista xeral



Vista parcial dun mirador



Detalles de carpintería



DENOMINACION: CASA VAZQUEZ
LOCALIZACION: PARDO BAJO, 25
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:



Proxecto: 1913 / Remate da construcción: 1914.

DESCRIPCION:

A elevación dun segundo e terceiro andares tradúcese na fachada na construcción de novas galerías e reforma dos miradores existentes que, polo estilo modernista, significan a variación total da carácter que tiña o edificio. Esquemas usuais pra este tipo de parcela (7 mts. de frente) empréganse pra resolver a distribución en pranta.


CONTEXTO:

O seguimento estricto da composición tradicional de miradores, barandas e galerías garantiza unha perfecta adecuación da obra no conxunto preexistente da rua, sita na perifería do Ensanche.




CATALOGO


OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION




Vista xeral



Fachada á rua Real



Vista parcial dun mirador



Detalle da carpintería

DENOMINACION: CASA BRAÑAS
LOCALIZACION: REAL, 125
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:


Proxecto: 1913 / Remate da construción: 1914.

DESCRIPCION:


Dadas as escasas dimensións da pranta, a pesares de tratarse dunha parcela en esquina, a úneca vivenda distribúese entre os dous andares outos da edificación. Miradores, barandas e galerías executados en madeira e ferro forxado por espertas mans artesáns, siguen, sempre cun deseño modernista, os esquemas habituais de composición.

CONTEXTO:

A outura da edificación e a composición devandita supoñen unha adaptación á carácter uniforme, dotada polas galerías, de toda a rúa Real.



Fachadas ás rúas Real e Concepción Arenal



Plantas do baixo, 1.º e 2.º andares

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION

DENOMINACION: CASA LOPEZ
LOCALIZACION: MAGDALENA, 213
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:


Proxecto: 1913 / Remate da construcción: 1914.

DESCRIPCION:


Se reconstrúe e amplía nun segundo e terceiro andares unha casa destruída por incendio, que ocupa a clásica parcela de 7 mts. aproximados de frente. Conservando a obra de sillería e introducindo carpinterías modernistas nos miradores e galerías, conquírese dotar á edificación dunha nova carácter, sen abandoar as normas tradicionais de ordeación en pranta e fachada.

CONTEXTO:


A rua Magdalena, cun carácter perfectamente regularizado, por causa da sua completa compactación no século XIX, admite sen problemas a presencia desta construcción.




Vista xeral




Vista do remate da fachada




Detalles da carpintería






Prantas do baixo, 1.^º, 2.^º e 3.^º andares



Fachada

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION



Vista xeral



Vista parcial da fachada á rúa S. Barcáztegui



Vista dunha fiestra en anco



Detalle da fachada

DENOMINACION: HOTEL SUIZO
LOCALIZACION: REAL, 134 - SANCHEZ BARCAZTEGUI, DOLORES
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos:
1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:


Proxecto: 1913 / Remate da construccion: 1916.

DESCRIPCION:


Ocupando duas parcelas opostas i en esquina a distribución faise dispoñendo un patio central ó que ventilan escaleiras e aseos. A construccion dos pisos utiliza viguetas e pes dereitos metálicos. Feixes de miradores e fiestras compoñen dun xeito diferenciado as fachadas acentuando a verticalidade da edificación.

CONTEXTO:


Polas características (usos, parcelación e alturas) da promoción e do diseño modernista, o edificio singularízase no entorno constituido polas tradicionais casas de galerías da Magdalena.




Fachada á rúa Sánchez Barcáezegui




Fachada á rúa Dolores



Pranta principal




Fachada á rúa Real




Pranta do 2.º e 3.º andares

CATALOGO


OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION




Fachada á rua Real



Fachada á rúa Dolores



Detalles da carpintería



DENOMINACION: CASA RODRIGUEZ TRIGO
LOCALIZACION: REAL, 146 - DOLORES 77

MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:


Proxecto: 1914 / Remate da construción: 1915.

DESCRIPCION:


Por causa de ocupar a edificación duas parcelas opostas, de 7 mts. de frente, a distribución da vivenda arrédate dos esquemas tradicionais (emprego de dous patios no medio, e pasillo lateral de comunicación). A composición das fachadas, mediante galerías, miradores e barandas, sigue, dentro dun tratamento modernista as pautas usuais empregadas na Magdalena.

CONTEXTO:


A integración dentro da carácter desta atopa maior credibilidade na fachada á rúa Real antes que na situada na rúa Dolores, polo emprego de galerías e miradores de madeira naquela, en troques do mirador de obra situada nesta.




Proxecto da fachada á rúa Real e fachada á rúa Dolores



Pranta do 2.º andar




Pranta do 3.º andar



Fachada á rúa Real

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION



Vista xeral



Vista da pérgola na entrada

DENOMINACION: CASA ANTON
LOCALIZACION: IMELDO CORRAL, 18
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:

Proxecto: 1918 / Remate da construción: 1919 / Reforma do ático: ¿?

DESCRIPCION:


Singular edificio destinado a vivenda unifamiliar que se distribue disponendo a zona de día no andar baixo e as de noite nos mais outos. No diseño da fachada xurden elementos especiais coma o corpo de miradores na esquina, as buhardillas do ático, ou a pérgola de entrada que contribuen co seu estilo modernista a remarcar aquela singularidade.

CONTEXTO:


O tipo de edificación proxectado, xunto co tratamento dado ó acceso, resulta axeitado ás características do emplazamento, fora do plan da Nova Poboación.




Vista do arranço da escala interior




Fachada á rúa Imeldo Corral




Fachada principal



Pranta baixa



Pranta do 1.º andar



Pranta do 2.º andar

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION

DENOMINACION: CASINO FERROLANO
LOCALIZACION: REAL, 100 - DOLORES
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol.

EPOCA:

Proxecto: 1921 / Remate da construccion: 1925.

DESCRIPCION:

Executado conforme o proxecto ganador do Concurso convocado ó efecto, emprégase, por primeira vez o formigón armado no Ferrol, baixo a dirección de Leoncio Bescansa i empregando os pes dereitos e trabes con decidida vocación decorativista, que se perde, igual que nas fachadas, nun certo novecentismo. No interior destacaba o salón de festas, hoxe trastocado, e a iluminación natural polos patios.

CONTEXTO:

As inusuais características da edificación en canto a parcelación, alturas e usos, rachan co entorno, facendo da construcción unha obra singular, acentuada, se cadrada, pola verticalidade concebida prá fachada principal.



Fachada á rua Real




Fachada á rua Dolores




Vista do cumio




Vista do portal




Teito da biblioteca




Patio da escala




Sección lonxitudinal




Fachada á rúa Real



Planta baixa



Planta principal



Fachada á rúa Dolores

CATALOGO

OBRA INCRUIDA NA EXPOSICION

DENOMINACION: CASA GRANDAL
LOCALIZACION: MAGDALENA, 185 - MENDEZ NUÑEZ
MUNICIPIO: O FERROL

AUTOR: RODOLFO UCHA PIÑEIRO

Nacemento: Vigo 1882 / Remate dos estudos: Madrid 1906 / Residencia: O Ferrol

EPOCA:

Proxecto: 1923 / Remate da construcción: 1925.

DESCRIPCION:


As inusuais dimensións da parcela en esquina, de pouco máis de 4 m. de frente, forzan a orixinal distribución en pranta, na que destaca o correcto papel asignado a galería coma corredor distribuidor. A construción desta en formigón armado inicia un proceso no que o autor insistirá a miúdo, lembrando o peculiar tratamento xeral da fachada certos modelos propios da Secesión Vienesa.

CONTEXTO:


Polo tratamento devandito, e ánda a pesares do emprego da galería, a construción racha coas características tipolóxicas da edificación presentes na rua Magdalena.




Vista xeral




Fachada á rúa Méndez Núñez




Fachada á rúa Magdalena



Pranta baixa




Pranta da zona sober do portal







Pranta do 1.º e 2.º andares

CATALOGO

OBRAS FORA DA EXPOSICION






Real 87





Real 97-99

CATALOGO

OBRAS FORA DA EXPOSICION





Magdalena 90










Magdalena 80

Sol - Teatro Renacimiento

ARQUITECTURA DE PAPEL



«Casa del pueblo». Rodolfo Ucha Piñeiro, 1915. Xardins de Sánchez Barcáztegui




Casetas de xardiñeiro. Rodolfo Ucha Piñeiro, 1916
Alameda de Suanzes. Derrumbada





Casa Constenla. Rodolfo Ucha Piñeiro, 1914. María,
117 (n.ºs antigos). Derrumbada.

Casa Pereira (3). Rodolfo Ucha Piñeiro, 1912. María,
107 (n.ºs antigos). Non construída.

ARQUITECTURA DE PAPEL




«Escuelas municipales graduadas». Rodolfo Ucha Piñeiro, 1910. Parte outa da rúa da Coruña. Non construídas




Casa Comercial Simeón. Pedro Mariño, 1923. Real, praça de Armas.
Sustituido por outro proxecto, derrumbado


ARQUITECTURA MOBEL




Kiosko café New England. Rodolfo Ucha Piñeiro, 1909. Alameda. Derrumbado (1914).




Kiosko café Mouriscot. Rodolfo Ucha Piñeiro, 1916. Alameda. Derrumbado (1928)




Kiosko prá venda de pan. Rodolfo Ucha Piñeiro, 1910. Porta de Canido. Desaparecido (?).




Kiosko de zapateiro. Rodolfo Ucha Piñeiro, 1909. Explanada mercado. Desaparecido (?).




Kiosko de quincalleiro. Rodolfo Ucha Piñeiro, 1914. Explanada mercado. Desaparecido (?).




Kiosko prá venda de libros. R. Ucha Piñeiro, 1910. Cantón de Molins. Desaparecido (?).



Kiosko prá venda de periódicos. R. Ucha Piñeiro (1921). Xardíns de S. Barcazegui. Desaparecido (?).




Kiosko prá venda de libros e periódicos. Rodolfo Ucha Piñeiro, 1923. Praza de Armas. Desaparecido (?).





Kiosko prá venda de pan. R. Ucha Piñeiro (1923). Praza Vella. Desaparecido (?).


DISEÑOS VARIOS




Valado. Rodolfo Ucha Piñeiro (1904). Rua Taxonera (Esteiro). Derrumbado




Valado. Rodolfo Ucha Piñeiro (1910). Rua Taxonera (Esteiro). Derrumbado




Valado. Rodolfo Ucha Piñeiro (1912)
Galiano esquina Carmen. Derrumbado




Porta do garaxe «Ferrol». R. Ucha Piñeiro (1912). María, esquina Muralla. Derrumbado




Decoración de fachada. R. Ucha Piñeiro (1912). Real sn (n.ºs antigos). Derrumbado




Porta de garaxe. Rodolfo Ucha Piñeiro (1912). San Agustín (Esteiro). Derrumbado



Escaparate prá imprenta. R. Ucha Piñeiro (1914). Real, 116 (n.ºs antigos). Derrumbado



Apoio de fachada. R. Ucha Piñeiro (1921). Real 170 (n.ºs antigos). Existe



Escaparate. Rodolfo Ucha Piñeiro (1909). Real 127 (n.ºs antigos). Derrumbado

**Esta revista rematouse
de imprentar no prelo comercial de
«La Voz de Galicia, S. A.»
o día 12 de febreiro de 1979**



Depósito Legal: C - 457 - 1978

OBRADOIRO

COMISION DE CULTURA DO C.O.A.G.

FEBREIRO 1979

NUMERO ESPECIAL

SUMARIO

Limiar

Páx. 4

Biografías

Páx. 6

Contexto histórico

Páx. 8

Arquitectura modernista no Ferrol

Páx. 12

Catálogo (obras incluidas na exposición)

Páx. 14

Catálogo (obras fora da exposición)

Páx. 50

Arquitectura de papel

Páx. 54

Arquitectura móbel

Páx. 58

Diseños varios

Páx. 60
